



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costas de Traba e Vilán. Municipio: repartida en tres, deste a oeste: Laxe, Vimianzo e Camariñas, no que se localiza a maior parte. Parroquias: Santiago de Traba, en Laxe; San Martiño de Carantoña en Vimianzo; e O Espírito Santo de Camelle en Camariñas. Extensión: 5,47km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa de microacantilados e praias de cantos con outros de cantís baixos. Na enseada de Camelle, un fondo de saco alberga unha praia de area fina e limos. A costa occidental é labiríntica, con numerosos illotes procedentes do dismantelado erosivo de afloramentos graníticos. A estreita chaira costeira está formada por un terreo ondulado ante os restos da superficie granítica de meteorización e erosionada. En contacto brusco desenvólvense as vertentes da Serra de Pena Forcada, sucadas de valgas polas que corren arrosios estacionais e que sucán o relevo deixando cristas intermedias nas que aparecen formas córneas. Arriba unha antiga superficie máis ou menos chá foi irregularizada pola erosión do macizo granítico. Formas dómicas acampanadas e córneas destacan na paisaxe, separadas por corredores e cubetas de alteración en alturas que superan os 200m snm. En Camelle, unha fractura importante permite un desenvolvemento maior cara ao interior, formando un estreito val de fondo suave e vertentes moi inclinadas.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade modelada en granodiorita biotítica tardihercínica, Tipo Traba. O Cuaternario está representado por depósitos de bloques, cantos e area, neste caso, a praia de Camelle.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente costeira de ambiente climático Cálido e Húmido definido por temperaturas medias anuais superiores a 14°C e precipitacións acumuladas de entre 1200mm e 1400mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. O Alto de Rascalobos está máis exposto ás masas de aire húmido procedente do océano polo que rexistra valores medios de precipitación entre 1400mm e 1600mm.

OS SOLOS

Dominio dos solos sobre materiais graníticos en xeral pouco evolucionados. Cara á cabeceira da unidade, nos tramos de maior pendente e puntos máis elevados como nos altos de Rascalobos e Serra da Pena Forcada, fórmanse regosois e os solos máis pobres tipo leptosol lítico nos que predomina o substrato rochoso en superficie. O fondo da ladeira está ocupado principalmente por cambisols dístricos.


AS AUGAS

A hidrografía escava as vertentes deste relevo accidentado reuníndose nas áreas baixas e chairas xunto ao mar. Na Enseada de Sabadelle concorren tres arrosios principais: o de Albariza, da Señora e de Sabadelle; mentres que o arroio de Camelle faino na enseada do mesmo nome. Outros cursos de auga non permanentes baixan polas ladeiras de pendentes máis pronunciadas. Nesta unidade conflúen dúas masas de Augas Costeiras: a 20138 de Laxe, e a 20135 do Cabo Veo.

O PATRIMONIO NATURAL

A franxa máis costeira pertence ao LIC Costa da Morte. Pertence ao IBA Costa da Morte. O relevo granítico e a súa erosión marcan os hábitats existentes na unidade. O tipo de costa dá importancia aos hábitats 1230, cantís mariños atlánticos e praias de coídos, e 1210, refugallo mariños acumulados. Afloramentos rochosos e cubetas erosivas da chaira costeira suman aos hábitats 4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos atlánticos costeiros de Erica vagans, con algúns tipos húmidos moi localizados, os do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica. As ladeiras e cimas achegan tamén estes hábitats de matogueira, principalmente o 4030 e os de 82. As valgadas presentan moi pequenos bosquetes ripícolas, salvo no val de Camelle, onde a concavidade é maior e aparecen masas ripícolas que suman case 2ha. A enseada de Camelle presenta os hábitats 1110 e 1140, bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais someros.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na unidade domina o uso forestal e en menor medida os usos agrícolas. Cabe destacar pola súa singularidade o uso pesqueiro asociado ao porto de Camelle, que acolle as embarcacións tradicionais dedicadas e a pesca de baixura e o uso urbano presente no núcleo mariñeiro de Camelle. As fortes pendentes das vertentes desta unidade fan que as coberturas predominantes se compoñan principalmente de formacións arbustivas costeiras e masas arboredos de repoboación, basicamente piñeirais. As primeiras ocupan as cimas das cadeas montañosas, entre os afloramentos rochosos, mentres que os piñeiros distribúense polas ladeiras e valgadas de arrosios. Preto dun destes cumes, nun terreo aplanado próximo a Pena Tallada, ao sudeste, aparecen matogueiras higrófilas asociadas a unha pequena turbeira, que destacan pola súa importancia ecolóxica. Ao oeste aprécianse os usos urbanos e pesqueiros do núcleo de Camelle. Ao redor deste núcleo, no val do arroio que leva o mesmo nome, sucédense os cultivos e prados, que tamén se daban na plataforma costeira da Enseada de Camelle, a tenor da parcelación observada, pero que na actualidade presentan un considerable estado de abandono.

MORFOLOXÍA

O núcleo de Identidade Litoral de Camelle é un pequeno porto pesqueiro aberto ao océano que prestou sempre axuda nos traballos de salvamento dos barcos accidentados nos seus perigosos baixos. Camelle e Arou, posibles emprazamentos viquingos na Idade Media, son dous lugares que presenciaron un maior número de naufragios. Camelle presenta unha estrutura máis ou menos compacta aínda que de trazado lineal, que se foi expandindo aproveitando o bordo litoral, por unha banda cara á contorna do espigón de Punta do Frade e por outro en dirección ao val de Camelle aproveitando o trazado do viario existente.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O núcleo de Camelle, como referente poboacional da unidade, presenta un sistema de infraestruturas de mobilidade bimodal e claramente definido. Por unha banda, o transporte rodado conta cunha única vía, o CP-1601, que aproveita o val do arroio de Camelle para chegar ao interior. Desde o núcleo, unha rede de camiños de menor entidade percorre a costa aproveitando a chaira litoral a través da vía que daba servizo ás zonas de cultivo. No extremo noroeste, o porto de Camelle aproveita un recollido entrante costeiro para, axudándose dun espigón, dar cabida a unha flota predominantemente de baixura.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Como elementos patrimoniais, a falta de depósitos arqueolóxicos catalogados, os principais fitos culturais e arquitectónicos da unidade repártense pola Enseada de Camelle e fan referencia á enorme vinculación da poboación e o mar, especialmente coa pesca. Así, destacan as antigas fábricas de salgadura ou as casas de clara tipoloxía portuaria, ao que hai que engadir outros exemplos de carácter relixioso máis comúns a todo o territorio galego, como os cruceiros e as edificacións relixiosas. Un dos elementos culturais máis recoñecidos e de maior apego popular, é o Museo do Alemán de Camelle, situado na base do espigón do pobo. Man foi un orixinal xermano que escolleu Camelle para vivir a súa existencia dedicándose á arte de facer pinturas e esculturas cos materiais que lle entregaba o mar, ata que o desastre do Prestige arrebatoulle a vida, ao non poder soportar ese impacto no seu mundo particular.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O pobo de Camelle, entre o océano e as montañas, ofrece unha sensación de illamento e soidade, de diálogo co mar, que ben puidese resumirse coa historia e a figura do Alemán de Camelle e o seu museo. O despoboamento, o forte vínculo coa pesca e o mar e a falta de infraestruturas de comunicación é un trazo característico deste lugar, logo de que as actividades agropecuarias deixasen de ser as actividades económicas básicas da unidade.

DINÁMICA DA PAISAXE


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O mosaico de cores e texturas dos antigos campos de cultivo e os seus muros tradicionais asociados en contraste coa lámina de auga e as escarpadas vertentes outorgan a este enclave unha enorme singularidade en canto á expresividade plástica. Estamos ante unha paisaxe diversa e complexa na que atopamos un porto pesqueiro tradicional acompañado dunha vila mariñeira e as súas agras outrora cultivadas. A estreita franxa de chaira costeira situada entre as montañas e o mar, na que se asenta Camelle, outorga a esta unidade o aspecto de pobo melancólico e apartado, no que reside boa parte do seu valor paisaxístico. Outro factor a ter en conta na valoración da zona é a inclusión na ZEPVN-LIC da Costa da Morte, pero é sen dúbida a subxectividade vinculada á historia e á figura do Alemán de Camelle a que adereza a percepción deste ámbito incrementando o seu valor. Coa designación de catro puntos de observación pretendeuse abarcar os diferentes ámbitos que comprende a unidade. Ao oeste, sitúanse nas maiores elevacións do terreo e divisan a parte menos antropizada. Trátase de Pena Tallada, nas inmediacións dunha pequena turbeira, e no Petón das Borrallas, preto da liña de costa. Desde os puntos sinalados ao leste apréciase o val e a parte máis humanizada da unidade. O Petón do Canle é un punto de observación idóneo para a contemplación do val de Camelle. Ademais, situouse un último punto de observación no Museo do Alemán, xa que a simple observación deste espazo quedaría incompleta se se excluíse a romántica sensación que transmite este lugar.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



